

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación aprobación da modificación do acordo para a implantación do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal no Concello da Coruña

ANUNCIO

En sesión celebrada o día 20 de maio de 2026, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o acordo de modificación de determinados apartados do Acordo para a implantación do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa horizontal no Concello da Coruña, de acordo cos antecedentes obrantes no expediente, nos seguintes termos:

1.- Modificación da redacción da base sexta apartado 2, onde di:

Base sexta. Homologación e recoñecemento dos servizos prestados do persoal procedente doutras administracións públicas.

*6.2 Ao persoal que ingrese no Concello da Coruña procedente doutras Administracións públicas onde non estea implantado o sistema de carreira administrativa horizontal, poderánselle computar os anos de servizo na súa administración de orixe sempre que exista equivalencia **inequívoca** na escala, subescala, clase e praza ocupada naquela e na que se pase a ocupar no Concello da Coruña, e cumbran os requisitos de permanencia na correspondente escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional e de formación para a avaliación favorable establecidos neste acordo.*

Proponse a seguinte redacción:

6.2 Ao persoal que ingrese no Concello da Coruña procedente doutras Administracións públicas onde non estea implantado o sistema de carreira administrativa horizontal ou cos que non exista convenio ou outro instrumento de colaboración suscrito e vixente, poderánselle computar os anos de servizo na súa administración de orixe sempre que exista equivalencia na escala, subescala, clase e praza ocupada naquela e na que se pase a ocupar no Concello da Coruña, e cumbran os requisitos de permanencia na correspondente escala, subescala, clase e grupo/subgrupo de clasificación profesional e de formación para a avaliación favorable establecidos neste acordo.

2.-Modificación da redacción da base transitoria segunda, onde di:

Base transitoria segunda. Xubilación

En recoñecemento aos servizos prestados no Concello da Coruña, o persoal que se xubile dende a entrada en vigor deste acordo ata o 31/12/2027, terá dereito ao aboamento do 100% do complemento adicional ao complemento de destino correspondente en función do grao ou graos de carreira administrativa que teña recoñecidos de acordo co establecido neste acordo, co máximo das vinte catro últimas mensualidades.

Proponse a seguinte redacción:

Base transitoria segunda. Xubilación e falecemento.

En recoñecemento aos servizos prestados no Concello da Coruña, o persoal que se xubile ou faleza por calquera causa, dende a entrada en vigor deste acordo ata o 30/12/2029, terá dereito ao aboamento do 100% do complemento adicional ao complemento de destino correspondente en función do grao ou graos de carreira administrativa que teña recoñecidos de acordo co establecido neste acordo, co máximo das vinte catro últimas mensualidades.

A efectos de xubilación enténdese incluído o persoal funcionario ao que lle sexa recoñecida una incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala, sen previsión de revisión.

Segundo.- Esta modificación do acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Terceiro.- Ordenar a convocatoria de solicitudes de recoñecemento de carreira horizontal correspondente á anualidade 2026.

A Coruña, 22 de maio de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/3385